

## Estatísticas do sector turístico. Ano 2002

### COMUNICADO

## NO ANO 2002 CRECEU A DEMANDA NO CONXUNTO DOS HOTEIS, HOSTAIS E CASAS DE TURISMO RURAL DE GALICIA

**As pernoitas realizadas en hoteis, hostais e casas de turismo rural creceron no ano 2002 un 4,7% respecto ó ano anterior**

Durante o ano 2002 un total de 3.655.359 viaxeiros estiveron aloxados en hoteis, hostais e casas de turismo rural galegos, un 1,4% máis que no ano 2001.

Estes realizaron 6.417.582 pernoitas, valor que indica un incremento do 4,7% respecto a un ano antes. Este incremento é superior ó dos viaxeiros como consecuencia do aumento experimentado polo número de días que os viaxeiros pasaron en Galicia. Así, a estadía media pasou de 1,70 a 1,76 días, o que supón unha subida do 3,2%.

O grao de ocupación medio por prazas no ano 2002 foi do 35,5%. Medio punto máis que o acadado no ano 2001 que se traduce nun incremento do 1,7%. Incremento inferior en tres puntos ó das pernoitas como resultado do incremento experimentado na oferta de prazas.

#### PRINCIPAIS RESULTADOS ANO 2002


Hoteis, hostais e casas de turismo rural	Dato	Variación 2002/2001 (%)
Viaxeiros	3.655.359	1,4
Pernoitas	6.417.582	4,7
Grao de ocupación	35,51	1,7
Estadía media	1,76	3,2

A maioría dos viaxeiros que se aloxaron nos establecementos obxecto de estudio son españois: Galegos o 25,7% e doutra comunidade autónoma o 55,9%. Os estranxeiros representan o restante 18,4%.

Dentro dos estranxeiros, o 38,3% deles proceden de Portugal, do resto de Europa o 43,5% e o 18,1% do resto do mundo.

O incremento interanual do 1,4% no número total de viaxeiros debeuse ó comportamento dos non galegos, con taxas interanuais de variación positivas para os europeos, que se veu contrarrestado pola evolución dos viaxeiros galegos cunha caída do -0,9%. Os viaxeiros procedentes do resto de España, máis de 2 millóns, creceron o 2,2%, e os 672,6 mil estranxeiros creceron en conxunto un 2,4%. Os portugueses incrementáronse nun 1,3%, os

do outro país de Europa cunha taxa do 5,0% son a orixe que máis crece, mentres que para o conxunto do resto de orixes estranxeiras se produciu un decrecemento do -1,1%.



### Os viaxeiros dos hoteis galegos representan preto do 80% dos viaxeiros totais

A maioría dos viaxeiros que se aloxan en hoteis, hostais e casas de turismo rural galegos faino en hoteis. Así, preto do 80% dos viaxeiros e das pernoitas están asociados a esta tipoloxía.

Polo que respecta ó grao de ocupación por tipo de establecemento as diferencias, como en anos anteriores, son bastante notables entre tipos. Os hoteis son os que teñen o valor máis alto, cunha ocupación no ano 2002 do 41,7%, os hostais tiveron un 25,2% e as casas de turismo rural son as que teñen o nivel máis baixo, co 18,2%.

#### DATOS POR TIPOLOXÍA DO ESTABLECIMENTO NO ANO 2002

Tipoloxía	VIAXEIROS			PERNOITAS			GRAO DE OCUPACIÓN	
	Dato	%	Variación 2002/2001	Dato	%	Variación 2002/2001	Dato	Variación 2002/2001
Hoteis	2.916.329	79,8	2,3	4.973.978	77,5	5,7	41,7	1,2
Hostais	609.226	16,7	-5,9	1.172.863	18,3	-2,3	25,2	2,7
Casas de turismo rural	129.804	3,6	23,7	270.741	4,2	21,1	18,2	0,4
<b>Total</b>	<b>3.655.359</b>	<b>100,0</b>	<b>1,4</b>	<b>6.417.582</b>	<b>100,0</b>	<b>4,7</b>	<b>35,5</b>	<b>1,7</b>

### Pontevedra e A Coruña son os principais lugares de aloxamento dos viaxeiros que veñen a Galicia

As provincias de Pontevedra e A Coruña son o destino principal dos viaxeiros que veñen a Galicia, concentrando valores próximos ó 80% dos viaxeiros e das pernoitas.

Pontevedra, con 2.948.928 pernoitas foi o destino máis demandado (46,0%). En número de viaxeiros ocupa o segundo lugar cunha porcentaxe do 37,8%. Destaca por ser o destino onde

máis tempo permanecen os viaxeiros, 2,1 días, e por concentrar o 50% das pernoitas realizadas en hoteis.

A provincia que ocupa o primeiro lugar en canto a número de viaxeiros é A Coruña. Con 1.491.764 no ano 2002 cubre o 40,8% do total galego. Pola contra, os 2.367.345 de pernoitas supoñen o 36,9% das totais, situándose tras Pontevedra. A Coruña caracterízase por ser a que ten máis demanda nos hostais: concentra case o 55% das pernoitas realizadas en hostais.

No referente ó grao de ocupación as diferencias son importantes entre provincias. As provincias da Coruña e Pontevedra teñen os niveis máis altos de ocupación con valores arredor do 38%, Lugo o máis baixo, 25,3%, aínda que próximo ó 27,3% de Ourense.

#### DATOS POR PROVINCIA NO ANO 2002

Provincia	VIAXEIROS			PERNOITAS			GRAO DE OCUPACIÓN	
	Dato	%	Variación 2002/2001	Dato	%	Variación 2002/2001	Dato	Variación 2002/2001
A Coruña	1.491.764	40,8	-2,5	2.367.345	36,9	1,0	38,1	-1,6
Lugo	441.679	12,1	8,2	608.206	9,5	0,0	25,3	0,1
Ourense	341.463	9,3	8,7	493.102	7,7	7,5	27,3	1,3
Pontevedra	1.380.450	37,8	2,2	2.948.928	46,0	8,5	38,6	4,5
<b>Galicia</b>	<b>3.655.359</b>	<b>100,0</b>	<b>1,4</b>	<b>6.417.582</b>	<b>100,0</b>	<b>4,7</b>	<b>35,5</b>	<b>1,7</b>

#### Os viaxeiros aloxados en establecementos de 3 e máis estrelas gastan ó día unha media de 134,93 euros


Un viaxeiro aloxado nun establecemento hoteleiro galego de tres e máis estrelas gasta unha media de 134,93 euros ó día. A maior parte destinada ó aloxamento (56,69 euros) e á comida (29,5%) e o 28% restante distribuída entre compras, ocio e desprazamentos.

O crecemento en termos correntes é do 4,5%, o que implica case 6 euros máis gastados ó día por cada viaxeiro.

O gasto total efectuado por estes viaxeiros ascendeu a 404,9 millóns de euros, un 12,7% máis que no ano 2001 en termos correntes.

#### GASTO DOS VIAXEIROS ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS DE 3 E MÁIS ESTRELAS. ANO 2002

	Dato	Variación 2002/2001 (%)
Gasto diario medio (euros)	134,93	4,5
Gasto total (miles de euros)	404.961,30	12,7





## Asalariado non galego con estudos superiores viaxando por motivos de traballo

O viaxeiro tipo que se aloxa nun establecemento hoteleiro galego de tres ou máis estrelas ten entre 29 e 50 anos, está casado, ten estudos superiores, a súa situación laboral é asalariado e reside no resto de España. Ademais, realiza a viaxe por motivos de traballo.

Os desprazamentos por motivos de traballo son os máis frecuentes (37,8%), principalmente para participar en congresos ou convencións. Outro motivo importante na realización da viaxe é coñecer o medio natural e cultural galego, cunha porcentaxe do 33,7%.

O coche propio é o método de transporte máis habitual utilizado para acceder a Galicia polos viaxeiros non galegos (55,3%). Outro medio importante é o avión, no que chegan o 33,9%.



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
 e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)